



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública



**Proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión
da Xunta de Galicia (subgrupo A2)
escala de xestión de sistemas de información**

Terceiro exercicio

Opción A

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

Traduza o texto seguinte do GALEGO para o CASTELÁN:	Traduzca el texto siguiente de GALLEGO a CASTELLANO:
--	---

Activo

Compoñente ou funcionalidade dun sistema de información susceptible de ser atacado deliberada ou accidentalmente con consecuencias para a organización. Inclúe: información, datos, servizos, aplicacións (software), equipos (hardware), comunicacións, recursos administrativos, recursos físicos e recursos humanos.

Axencia Española de Protección de Datos (AEPD)

Ente de dereito público que actúa con plena independencia das Administracións Públicas e que ten como funcións, entre outras, velar polo cumprimento da lexislación sobre protección de datos e controlar a súa aplicación, incluíndo a capacidade sancionadora.

Ameaza

Posibilidade de ocorrencia dun incidente de seguridade

Análise de riscos.

Utilización sistemática da información dispoñible para identificar perigos e estimar os riscos.

Aplicación informática

Programa ou conxunto de programas informáticos que teñen por obxecto o tratamento electrónico da información.

Auditoría

Proceso de recoller, agrupar e avaliar evidencias para determinar se un sistema de información salvagarda os activos, mantén a integridade dos datos, leva a cabo eficazmente os fins da organización, utiliza eficientemente os recursos, e cumpre coas leis e regulacións establecidas.

Auditoría de seguridade

Revisión e exame independentes dos rexistros e actividades do sistema para verificar a idoneidade dos controis do sistema, asegurar que se cumpren a política de seguridade e os procedementos operativos establecidos, detectar as infraccións da seguridade e recomendar modificacións apropiadas dos controis, da política e dos procedementos.

Autenticación

Procedemento de recoñecemento da identidade dun usuario. Xeralmente consta da identificación e da autorización e pode levar consigo monitorización e rexistro, con fins de auditoría.

Autenticidade

Propiedade ou característica consistente en que unha entidade é quen di ser ou ben que garante a fonte da que proceden os datos.

Autorización

Proceso polo cal que un usuario accede unicamente ao que está autorizado a acceder.

Código malicioso

Instrucións de programación que actúan nun sistema de información sen consentimento do persoal de soporte técnico.

Confidencialidade

Propiedade ou característica consistente en que a información nin se pon a disposición, nin se revela a individuos, entidades ou procesos non autorizados.

Dato de carácter persoal

Calquera información concernente a persoas físicas identificadas ou identificables.

Decreto de boas prácticas

Decreto 230/2008, de 18 de setembro, polo que se establecen as normas de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no DOG de 20 de outubro de 2008.

Disponibilidade

Propiedade ou característica dos activos consistente en que as entidades ou procesos autorizados teñen acceso aos mesmos cando o requiren.

FAQ

Lista de preguntas e respostas que xorden frecuentemente dentro dun determinado contexto e para un tema en particular.

Sinatura electrónica

Conxunto de datos en forma electrónica, consignados xunto a outros ou asociados con eles, que poden ser utilizados como medio de identificación do asinante.

Identificación

Proceso polo cal se garante que o usuario que accede a un sistema informático é quen di ser. Polo xeral, os sistemas de autenticación están baseados en algo que ten, que coñece ou posúe o auténtico usuario.

Incidente de seguridade

Suceso inesperado ou non desexado que dá como consecuencia un detrimento da seguridade do sistema de información.

Indicador

Métricas utilizadas para cuantificar obxectivos que reflicten o rendemento dun proceso.

Integridade

Propiedade ou característica consistente en que o activo de información non foi alterado de maneira non autorizada.

Medidas de seguridade

Conxunto de disposicións encamiñadas a protexerse dos riscos posibles sobre o sistema de información, co fin de asegurar os seus obxectivos de seguridade. Pode tratarse de medidas de prevención, de disuasión, de protección, de detección e reacción, ou de recuperación.

Monitorización

Observación e rexistro automático dos accesos á información ou dos parámetros das comunicacións con fins estatísticos ou de seguridade.